

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E A FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓN DE PERSOAS XORDAS DE GALICIA (FAXPG), PARA O FINANCIAMENTO DO PROGRAMA DE PREVENCIÓN DA DEPENDENCIA EN COLECTIVOS ESPECIALMENTE VULNERABLES DA COMUNIDADE XORDA NO ANO 2021.**

Santiago de Compostela,

**REUNIDOS**

**Dunha parte:**

Dona Fabiola García Martínez, na súa condición de conselleira de Política Social, nomeada polo Decreto 112/2020, do 6 de setembro, en uso das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983 do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, así como no Decreto 110/2020, do 6 de setembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, no Decreto 130/2020, do 17 de setembro, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia, no Decreto 216/2020, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e no establecido no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991.

**Doutra parte:**

Don Iker Sertucha Lista con DNI 32822404R, presidente da Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia (en adiante FAXPG), con NIF G15068091 que actúa en nome e representación da entidade tal como dispón o artigo 36 dos seus estatutos, nomeado polo acordo da Asemblea Xeral do 9 de xaneiro do 2021, segundo o disposto no artigo 34 dos seus estatutos.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que para que no nome das entidades que representan teñen conferidas

**EXPOÑEN**

I. Que as Administracións Públicas poden celebrar convenios de colaboración con outras administracións ou entes de dereito público e con persoas físicas ou xurídicas ao abeiro do disposto no capítulo VI do título preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.



II. Que a Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o establecido no artigo 27.23 do Estatuto de autonomía de Galicia, en consonancia coa habilitación competencial outorgada ás Comunidades Autónomas polo artigo 148.1.20 da Constitución española, ten competencia exclusiva en materia de asistencia social, polo que, na súa virtude se aprobou a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

III. Que a Consellería de Política Social é o órgano superior da administración autonómica ao que lle corresponde as competencias en materia de servizos sociais, e consecuentemente a atención do colectivo de persoas con discapacidade, e persoas con dependencia, conforme ao Decreto 216/2020, de 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social.

IV. Que FAXPG, entidade de natureza asociativa, foi inscrita no Rexistro Central de Asociacións co número 2004/000107-2ª, conforme á Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación.

Así mesmo FAXPG figura inscrita no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais co número E-0204, tendo por finalidade a defensa dos intereses das persoas xordas, xordo cegas e con discapacidade auditiva de Galicia, acadar a súa real e efectiva participación social, laboral e cultural, así como a súa integración na sociedade.

V. Que FAXPG ten como misión acadar o desenvolvemento integral das persoas xordas de Galicia, en condicións de accesibilidade universal, preservando a Lingua de signos española (LSE) como valor principal.

Fronte as persoas xordas que teñen como principal dependencia a comunicativa, existe outro tipo de persoas xordas con especiais dificultades para exercer a súa vida diaria de forma autónoma, con limitacións asociadas principalmente a outras discapacidades, á idade (persoas xordas maiores) e ao illamento xeográfico. As características específicas destas persoas xordas son:

. O illamento comunicativo, en ocasións extremo, que impide a súa interacción co entorno ou, no caso das persoas xordas maiores, progresivo.

. A dependencia do seu entorno próximo para desenvolver as actividades da vida diaria.

Isto da lugar a situacións de vulnerabilidade e risco de dependencia que requiren, para a súa abordaxe, programas e profesionais especializados que reduza a súa dependencia respecto a terceiros, favoreza a súa autonomía para o desenvolvemento da súa vida diaria e os manteña na súa contorna habitual. Este apoio poderá ser limitado no tempo, permanente ou puntual ao longo de toda a súa vida, segundo as súas características.



Polo tanto, tendo en conta o establecido no Decreto 149/2013, do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo, e co fin de contribuír a previr ou reducir situacións de dependencia, a FAXPG leva a cabo un programa de prevención da dependencia en colectivos especialmente vulnerables da comunidade xorda.

Conforme ao exposto, é de interese da Consellería de Política Social subscribir un convenio de colaboración con FAXPG para o desenvolvemento do dito programa de prevención da dependencia en colectivos especialmente vulnerables da comunidade xorda para o ano 2021.

**VI.** Que conforme aos requisitos previstos no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no 36 c) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, FAXPG é a única entidade de iniciativa social e de ámbito autonómico a que realiza a prestación de servizos de calidade na atención das persoas xordas de Galicia e os seus familiares, co obxecto de favorecer reducir a súa dependencia social e comunicativa, dispoñendo da experiencia, capital humano e medios axeitados para esa atención.

Este programa ten un carácter especializado con respecto á atención ao colectivo de persoas xordas noutros servizos da FAXPG polas características dos destinatarios: persoas xordas con limitacións asociadas non a xordeira senón principalmente a outras discapacidades, persoas xordas maiores, e persoas xordas con illamento xeográfico. As características específicas deste colectivo son illamento comunicativo e dependencia para desenvolver as actividades da vida diaria.

Polo carácter especializado deste programa, FAXPG é a única entidade habilitada para a súa execución, dentro da Comunidade Autónoma de Galicia.

Así mesmo, as actuacións obxecto deste programa, recollidas na súa cláusula segunda, a súa adecuación ao ámbito competencial da Consellería de Política Social previsto no Decreto 216/2020, do 3 de decembro, na área específica da Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade, e as específicas necesidades inherentes ao colectivo ao que van dirixidas, considéranse razóns que acreditan o seu interese social. Polo tanto queda xustificada a concesión directa desta subvención, en aplicación do artigo 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, que permite establecer convenios a través dos cales se canalizan estas subvencións.



Por todo o exposto, as partes comparecentes, na representación que ostentan,

## **ACORDAN**

Subscribir un convenio de colaboración para a concesión dunha subvención destinada á realización dun programa de prevención da dependencia en colectivos especialmente vulnerables da comunidade xorda.

## **CLÁUSULAS**

### **PRIMEIRA. Obxecto**

O obxecto do presente convenio é contribuír ao financiamento por parte da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia das actuacións de FAXPG no ano 2021 correspondentes ao programa de prevención da dependencia en colectivos especialmente vulnerables da comunidade xorda.

O obxectivo xeral do programa é reducir a dependencia e/ou o risco de exclusión das persoas xordas vulnerables, con dificultades de acceso aos servizos especializados dirixidos a poboación en xeral, e que requiren de apoio personalizado.

As persoas destinatarias do programa son persoas xordas vulnerables, en situación de illamento social e comunicativo que presentan dependencia e/ou risco de exclusión; en concreto, persoas xordocegas , persoas cegas en risco de exclusión e persoas xordas maiores.

Os obxectivos específicos do programa son:

- a) Intervir sobre as relacións individuais e/ou sociofamiliares das persoas xordas que presentan maior vulnerabilidade e /ou dependencia:
- b) Favorecer a participación no entorno próximo das persoas xordocegas, persoas xordas en risco de exclusión e persoas maiores xordas.
- c) Promover o desenvolvemento autónomo das persoas xordas maiores , xordocegas e en risco de exclusión. mediante a accesibilidade á súa contorna..
- d) Fomentar o coñecemento e sensibilización sobre ás características e necesidades destas persoas xordas.

### **SEGUNDA. Actuacións do programa a subvencionar**

As actuacións subvencionables durante o período de vixencia son:



a) Servizo de mediación social e comunicativa.

A FAXPG, a través do servizo de mediación social e comunicativa, propón a realización dunha intervención integral e especializada, de alta intensidade de atención, baixo a perspectiva da comunicación como elemento esencial para o desenvolvemento persoal e social, das persoas xordas en situación de extrema vulnerabilidade social nas que se integran as persoas xordocegas, as persoas xordas con discapacidades asociadas, as persoas institucionalizadas e persoas xordas inmigrantes , así como calquera persoa xorda que non dispoña dun sistema de comunicación.

As especiais características comunicativas deste colectivo, que non comparten código comunicativo coa súa contorna de convivencia, xa sexa no fogar ou en institucións, levan a estas persoas a unha situación de illamento social e comunicativo extremo, que da lugar a un deterioro cognitivo e psicolóxico así como de limitación extrema da súa mobilidade de forma autónoma.

Trátase dun modelo de intervención cunha perspectiva biopsicosocial, para a posta en marcha de estratexias que faciliten a coordinación entre o persoal especializado da FAXPG e a contorna da persoa usuaria, familiar, social e/ou institucional, para o fomento da comunicación e as habilidades de xestión autónoma das ditas persoas xordas en situación de extrema vulnerabilidade social.

As actuacións que se levan a cabo dende este servizo son:

1º. Diagnóstico social.

2º. Formación en lingua de signos española ou outros sistemas alternativos de comunicación, ás persoas usuarias, familias e profesionais de atención directa en centros e servizos nos que residan ou participen as persoas usuarias do programa.

3º. Mediación e acompañamento para a adquisición de habilidades para a vida diaria das persoas usuarias

b) Servizo de envellecemento activo. Trátase de fomentar o sentimento de pertenza e a mellora integral do benestar das persoas xordas maiores na súa contorna próxima, favorecendo a súa permanencia no domicilio. Cando, á condición de persoa maior úneselle a discapacidade auditiva influirá de forma decisiva na súa forma de afrontar a terceira idade. O servizo destinase ás persoas xordas, maiores de 60 anos, con xordeira severa ou profunda, que teñen como lingua natural a lingua de signos española. Estas persoas atópanse coa falta de recursos adaptados ás súas necesidades específicas, non podendo acceder ás numerosas actividades pensadas para favorecer un envellecemento activo dos maiores.



O servizo de envellecemento activo consta das seguintes actuacións:

- 1º. Valoración do grupo obxectivo e captación de participantes.
- 2º. Deseño e desenvolvemento do programa de actividades.
- 3º. Intervención individualizada.
- 4º. Xestión do servizo de voluntariado FAXPG para a participación das persoas maiores.
- 5º. Accións de visibilización e sensibilización.

### TERCEIRA. Orzamento

A previsión do orzamento de gastos para o desenvolvemento das actuacións que no marco deste programa ten previsto desenvolver FAXPG, é de 49.569,95€.

Para o cumprimento da finalidade e actividades do programa descritas nas cláusulas primeira e segunda deste convenio a Consellería de Política Social achegará **corenta e nove mil cincocentos sesenta e nove con noventa e cinco euros** (49.569,95€) que serán imputados á aplicación orzamentaria 13.04.312E.481.1 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021.

### CUARTA. Obrigas e documentación

En virtude do disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a FAXPG como entidade beneficiaria presentará, con carácter previo á sinatura do convenio e xunto co programa de actividades a desenvolver, a seguinte documentación:

- a) Declaración comprensiva de todas as axudas e subvencións solicitadas ou concedidas para o mesmo programa ou, de ser o caso, unha declaración de que non solicitaron nin percibiron outras axudas ou subvencións.
- b) Declaración responsable, subscrita pola persoa representante da entidade, de non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria de subvencións sinaladas nos apartados 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.



## QUINTA. Obrigas da entidade

1. FAXPG terá que cumprir os requisitos do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño,, e do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro. Sen prexuízo de todo o anterior, tamén deberá cumprir as obrigas seguintes:

- a) Realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención, e acreditar dita realización, así como o cumprimento dos requisitos o das condicións que determinaron a concesión da axuda. O cumprimento desta obriga de xustificación realizarase nos termos previstos no artigo 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño e no artigo 30 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, na normativa regulamentaria de desenvolvemento e no disposto nas bases reguladoras ou nos instrumentos de concesión.
- b) Someterse ás actuacións de comprobación que deba efectuar a Consellería de Política Social como órgano concedinte, así como calquera outra comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto nacionais coma comunitarios e achegar canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
- c) Comunicarlle á Consellería de Política Social a obtención de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
- d) Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao beneficiario en cada caso, así como cantos estados contables e rexistros específicos sexan esixidos polas bases reguladoras das subvencións, coa finalidade de garantir o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control.
- e) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.
- f) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos previstos nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.
- g) Incluír na publicidade e en todo tipo de documentación e información relacionada coas actividades obxecto do programa e nos lugares onde estas se realicen que é



“subvencionado pola Xunta de Galicia-Consellería de Política Social” co seu respectivo logotipo.

h) Cumprir cantas outras obrigas se deriven da execución deste convenio.

2. Así mesmo, a entidade deberá cumprir a obriga de subministración de información nos termos establecidos no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

### **SEXTA. Compatibilidade con outras axudas**

A subvención prevista neste convenio non é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

### **SÉTIMA. Forma de pagamento**

Respecto ao pagamento e forma de xustificación da subvención estarase ao disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro. O libramento farase nunha conta corrente da que sexa titular a entidade beneficiaria nas seguintes condicións:

- a) Efectuarase un pagamento do 15 % da totalidade da subvención, con carácter de anticipo a conta da liquidación, unha vez asinado o presente convenio.
- b) O 85% restante farase efectivo unha vez rematadas tódalas actividades subvencionables do programa.

Con carácter previo ao pagamento poderá consultarse, salvo oposición por parte do interesado, o cumprimento das súas obrigas tributarias, coa Seguridade Social e coa facenda da Administración Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, así como non ser debedor por resolución de procedemento de reintegro. De opoñerse terá que facelo de xeito expreso tal e como sinala o artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e achegar os xustificantes ou documentación necesaria para acreditar o seu cumprimento, se é o caso.

Para a tramitación das condicións de pagamento previstas nos apartados anteriores, a entidade beneficiaria da subvención queda exonerada da constitución de garantía ao entrar no suposto previsto no artigo 65.4.f) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.



## OITAVA. Gastos subvencionables e xustificación

Son gastos subvencionables os que cumpran os requisitos fixados polo artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño. Para estes efectos, considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación que remata o **10 de decembro de 2021**.

En consideración ao obxecto do convenio ten carácter subvencionable o gasto de persoal adscrito á execución do programa. Os gastos repartiranse proporcionalmente entre as distintas actuacións de acordo co desglose recollido na memoria económica.

Así mesmo, considerarase efectivamente pagado o gasto cando se xustifique o pagamento mediante extractos ou certificacións bancarias debidamente identificados, selados e asinados polo beneficiario. No suposto de que o xustificante do pagamento inclúa varias facturas, deberase xuntar unha relación delas. No suposto de facturas pagadas conxuntamente con outras non referidas ao programa subvencionado, a xustificación do pagamento débese realizar sempre mediante a achega do correspondente extracto bancario que irá acompañado dun dos seguintes documentos: relación emitida polo banco dos pagamentos realizados, orde de pagamentos da entidade selada polo banco ou recibín do provedor. Para gastos de escasa contía por importes inferiores a 1.000 euros poderase aceptar a xustificación do pagamento mediante recibín do provedor.

Coa xustificación final do convenio ou, en todo caso, ao remate deste, de acordo co artigo 51 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei de subvencións, deberá presentar:

- a) Un informe-memoria detallado de cada unha das accións levadas a cabo e/ou as actividades realizadas ao abeiro do programa a subvencionar a través do convenio.
- b) Tendo en consideración que o gasto imputable é de persoal, conforme ao establecido no orzamento do programa, deberá de concretarse ao efectos da súa xustificación e referida á mensuralidade ou mensuralidades polas que se solicita a seguinte documentación:
  1. Relación nominal dos traballadores/as que se inclúen como xustificación do programa subvencionado.
  2. Recibos de salarios
  3. Documentos TC2 e TC1 dos traballadores correspondentes ao meses imputados



#### 4. Impresos de liquidación nominal do IRPF (modelos 111 e 190)

c) Certificación do órgano competente relativa a que as achegas da Consellería de Política Social foron destinadas aos fins para os que foron concedidas.

d) Unha declaración responsable de non ter recibido outras axudas para as actividades obxecto do programa a subvencionar a través deste convenio.

A falta de presentación da xustificación no prazo establecido comportará o reintegro da subvención, ou da parte proporcional non xustificada, e demais responsabilidades establecidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño. Cando formen parte da conta xustificativa documentos de gastos de nóminas ou que comporten ingresos á conta do IRPF ou cotas por seguros sociais xerados no ano 2021, aínda que liquidables con posterioridade á data de xustificación, o importe destes ingresos ou cotas considérase xustificado coa presentación do documento de gasto, factura ou documento equivalente, en que se reflecta o importe da retención ou cotización devengadas na data de xustificación, quedando a entidade beneficiaria obrigada a presentar os documentos acreditativos da súa liquidación con data límite na primeira quincena de febreiro de 2022.

#### **NOVENA. Incumprimentos, reintegros e sancións.**

Producirase a perda do dereito ao cobro total ou parcial da axuda no suposto de falta de xustificación do cumprimento das actuacións do programa a subvencionar a través do convenio, dos deberes contidos nestas cláusulas, dos deberes contidos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño ou na demais normativa aplicable, o que dará lugar á obriga de devolver total ou parcialmente a axuda percibida, así como os intereses de demora correspondentes.

O procedemento para declarar a orixe da perda do dereito de cobramento da axuda e para facer efectiva a devolución a que se refire o apartado anterior será o establecido no Título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Sempre que non se cumpran os requisitos ou condicións esenciais reflectidos no convenio, a Consellería de Política Social poderá apreciar un incumprimento parcial e deberá resolver sobre o seu alcance, aplicando a mesma ponderación que tivera a condición incumprida no convenio e, se é o caso, establecendo o deber de reintegro.

Cando se trate de condicións referentes á contía ou conceptos do obxecto subvencionable, o alcance do incumprimento determinarase proporcionalmente ao gasto deixado de practicar ou aplicado a conceptos distintos dos considerados subvencionables e, se é o caso, deberán reintegrarse as cantidades percibidas en dita proporción. Con



carácter xeral, se o incumprimento superara o 65% da actividade obxecto do programa a subvencionar, entenderase que dito incumprimento é total, e deberán reintegrarse todas as cantidades percibidas e o seus intereses de demora.

Á entidade beneficiaria da subvención regulada nestas bases seralle de aplicación o réxime de infraccións e sancións previstas no Título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Título VI do seu regulamento.

#### **DÉCIMA. Inexistencia de relación laboral**

Para levar a cabo os obxectivos e fins do programa subvencionado a través deste convenio a entidade beneficiaria poderá contratar, con cargo ao orzamento do presente convenio, o persoal que no seu caso precise para o desenvolvemento das actividades citadas.

A subscrición do presente convenio non leva consigo relación laboral nin contractual algunha entre a Consellería de Política Social da Xunta de Galicia e as persoas que realicen as actividades obxecto do programa, de tal xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade algunha, nin directa nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

#### **DÉCIMO PRIMEIRA. Comisión de seguimento**

Para o seguimento e coordinación das accións previstas no presente convenio crearase unha comisión mixta e paritaria na que estarán representados as partes asinantes do convenio. Esta comisión, que se reunirá por petición de calquera das partes, será o mecanismo de actuación conxunta para o seguimento e avaliación das actuacións estipuladas no presente convenio, e estará formada por dous representantes da Consellería de Política Social e dous representantes de FAXPG, designados por cada unha das partes así como os seus suplentes. A dita comisión será presidida por un dos representantes da administración. A persoa que ocupe a secretaría, así como o seu suplente será unha persoa adscrita á Dirección Xeral de Miores e Persoas con Discapacidade, designada pola persoa que ocupe a presidencia que actuará con voz pero sen voto.

Non obstante, todas aquelas cuestións que se susciten en relación co outorgamento, cumprimento, xustificación e pagamento, así como o reintegro e determinación das posibles responsabilidades relativa á subvención concedida, serán resoltas pola Consellería de Política Social.



Como órgano Colexiado a comisión someterase ao réxime establecido na mencionada Lei 40/2015, de 1 de outubro, do réxime xurídico de Administración Pública, e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

#### **DÉCIMO SEGUNDA. Vixencia**

O presente convenio estenderá os seus efectos dende a súa formalización e terá vixencia ata o 31 de decembro de 2021, con efectos económicos desde o 1 de xaneiro de 2021.

Non obstante, as accións englobadas no programa a subvencionar a través do presente convenio que realizase FAXPG dende o 1 de xaneiro de 2021 tamén poderán ser subvencionadas ao seu abeiro coa achega da Consellería de Política Social.

#### **DÉCIMO TERCEIRA. Transparencia e bo goberno**

O presente convenio será obxecto de publicidade e inscrición de conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia. Así mesmo, será obxecto de publicación e inscrición en cumprimento do disposto no artigo 17 da lei 1/2016, do 18 de xaneiro, o artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

As partes asinantes consenten dar publicidade dos seus datos persoais e demais especificación recollidas no presente instrumento de colaboración o Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

De conformidade coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, o instrumento de colaboración e a información sobre a subvención serán comunicados á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

#### **DÉCIMO CUARTA: Información básica sobre protección de datos persoais**

As partes asinantes deste convenio garantirán a confidencialidade dos datos persoais aos que teñan acceso como consecuencia das actuacións realizadas en execución deste e de conformidade co disposto na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais e no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación de



estes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeneral de protección de datos).

Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia - Consellería de Política Social coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que se derive da xestión deste convenio.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme ás referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/información-xeral-proteccion-datos>. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas, reflectíndose esta circunstancia no propio convenio.

A referencia a publicidade, en cumprimento da normativa de transparencia e subvencións, axustarase a dita normativa e coas limitación que esta establece.

Os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>.

#### **DÉCIMO QUINTA. Réxime xurídico**

O presente convenio terá carácter administrativo rexéndose nos seus efectos polo establecido nas súas cláusulas, na Lei 38/2003, do 17 de novembro; no 887/2006, do 21 de xullo; na Lei 9/2007, do 13 de xuño; no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro e na Lei 40/2015, do 1 de outubro. No seu defecto, para resolver as lagoas e dúbidas que puideran presentarse, rexerose polo establecido na Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do Sector Público, polo que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 24 de febreiro do 2014.

A administración gozará de tódalas prerrogativas inherentes á natureza administrativa do convenio.



As cuestións litixiosas xurdidas acerca da interpretación, modificación e resolución serán resoltas pola Consellería de Política Social poñendo os seus acordos fin á vía administrativa. Contra elas cabe recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou a resolución, segundo o previsto no artigo 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, no prazo de un mes se a resolución fose expresa. Se o acto non fora expreso, poderá interpor recurso de reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, ou poderá interpoñer directamente recurso contencioso - administrativo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á notificación do acto que poña fin á vía administrativa, se este fose expreso. Se non o fora, o prazo será de seis meses e contarase, para o solicitante e outros posibles interesados, a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso - administrativa.

Para tales efectos o tribunal competente será o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

E en sinal de conformidade coas estipulacións do presente convenio, asinan ambos comparecentes en Santiago de Compostela.

A CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL

O PRESIDENTE DA FEDERACIÓN DE  
ASOCIACIÓNS DE PERSOAS XORDAS DE  
GALICIA

Fabiola García Martínez

Iker Sertucha Lista

